XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEP PLURILINGÜE IGREXA-VALADARES
Camiño Caseiro, s/n
36314 Vigo (Pontevedra)
Teléfono: 886111135 FAX: 886111137
E-mail: ceip.igrexa.valadares@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/cepigrexavaladares/

CURSO 2019 – 2020

CIRCULAR – 6

A todos os pais/nais ou titores/as legais:

Informámoslles que está aberto o prazo de presentación de solicitudes para participar no Programa de Gratuidade Solidaria de libros de texto para o curso 2019-2020 (DOG 20/05/2019).

Pódese participar en tres modalidades:

1. Solicitudes para participar no fondo solidario de libros de texto, 3º ,4º,5º e 6º de EP.
2. Solicitudes de axudas para adquirir libros de texto, 1º e 2º de EP.
3. Solicitudes de axudas para adquirir material escolar para todo o alumnado.

O prazo de presentación de solicitudes remata o 21 de xuño (incluído).

Serán obrigas das persoas beneficiarias:

1. **Ter devolto os libros de texto e material reutilizable** adquiridos coas axudas para libros ou os recibidos do fondo solidario no curso 2018-2019. **Prazo máximo 21 de xuño.** Exceptúase o alumnado de 1º e 2º curso, alumnado de EE ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65 %, sempre que non sexan reutilizables.
2. **Conservar en bo estado os libros de texto e o material reutilizable** recibido do fondo solidario ou adquirido coas axudas no curso 2018-2019 e devolvelos ao rematar este.
3. **Destinar o importe do vale** para libros **a adquirir os libros de texto** que indique o Centro.
4. **Destinar o importe do vale** para material **a adquirir o material escolar** que o alumnado necesite.

Documentación a presentar:

1. **Solicitude (Anexo I,** válido para todas as modalidade**s).** Pódese solicitar no Centro, descargar da web, Portal Educativo ou Sede Electrónica da Xunta de Galicia.
   Presentarase unha única solicitude para todos os fillos matriculados no Centro, agás si se tramita electronicamente (aplicación informática "fondo libros" **(https://www.edu.xunta.es/fondolibros)** a través da sede electrónica da Xunta de Galicia **https://sede.xunta.gal)**
2. **Copia de toda a documentación que se recolle en dita solicitude.** A documentación presentada deberá ter validez no momento de presentación da solicitude.
3. **Os datos consignaranse en base ao exercicio fiscal do ano 2017.** Sumaranse os datos das **casillas 415 e 435 da declaración da renda de todos os membros computables** e dividirase entre o número de membros que formen a unidade familiar, (terase en conta a situación a 31/12/2017. Cando non se presentase a declaración, sumaranse os ingresos netos obtidos durante o 2017.